

## LITERATURA UNIVERSAL

### OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A lírica do amor no Renacemento (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Robinson Crusoe	Tolkien	Literatura alemá, século XX
2	As Metamorfoses	Günter Grass	Romanticismo
3	Os miserables	Ovidio	Literatura fantástica, século XX
4	O tambor de folla de lata	Víctor Hugo	Literatura latina
5	O señor dos aneis	Daniel Defoe	Novela de aventuras do XVIII

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):

3.7 Mary Shelley e a súa época (1 punto)

3.8 Faga unha breve exposición sobre a autora e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)

3.9 Expoña o tema do fragmento e relacióneo con outros aspectos importantes da obra: cuestións como a teoría do bo salvaxe, o papel da natureza etc. (2 puntos)

3.10 Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos)

3.11 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra na súa totalidade (0,5 punto)

3.12 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

¡Adeus! Déixote e contigo deixo o último ser da especie humana que estes ollos xamais verán. ¡Adeus, Frankenstein! Se aínda estiveses vivo e mantivése-la arela de satisfacer en min a túa vinganza, mellor a saciarías deixándome vivir que dándome morte. Pero non foi así; procuráche-la miña destrucción para que non puidese causar máis desgracias; e sen embargo, se dalgún xeito descoñecido para min non deixaches de pensar e sentir, non me podes desexar vinganza maior có mal que agora sinto. Por moi desgraciado que foses, a miña agonía foi meirande cá túa, pois o aguillón amargurante do remordemento non deixará de escravellar nas miñas feridas ata que a morte as peche para sempre.

Pero axiña –berrou cun mouco e solemne entusiasmo– hei morrer, e o que agora sinto non o sentirei máis. Axiña acabarán estes tormentos que me abrasan. Subirei triunfante á miña pira funeraria e exultarei na agonía das laparadas torturadoras. Cando a luz desta conflagración se extinga, os ventos varrerán as miñas cinsas e estraranas polo mar. O meu espírito durmirá en paz; ou se aínda pode seguir a pensar, a fe que non o dará deste xeito. Adeus.

Mary Shelley, *Frankenstein ou o Moderno Prometeo*. Trad. de F. R. Tato Plaza